



BUSCAMOS ECOSINERXIAS

entre as administracións locais e os comercios de proximidade do sector dos electrodomésticos asociados a ADEN, para concen-
ciar a cidadanía sobre a reciclaxe de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Con máis de 600 puntos de venda e presentes en máis de 160 concellos, somos a principal organización que agrupa e defende os intereses do pequeno comercio de electrodomésticos en Galicia.

Con esta iniciativa pretendemos informar a cidadanía dos distintos puntos de recollida de RAEE e da súa importancia.

SOMOS ADEN



PLATAFORMA SIGA ADEN

Os establecementos asociados a **ADEN** garanten dunha forma automatizada a correcta xestión dos RAEE e o cumprimento da lexislación ambiental.

Lévase un rexistro dos RAEE xestionados a través dunha **plataforma informática, Siga ADEN, que garante a trazabilidade, o control e a información dos residuos** mediante a súa etiquetaxe dos RAEE.

Por cada **RAEE entregado, xérase un xustificante de recollida** para o cliente e outro para o establecemento, e unha **etiqueta codificada** para adherir ao RAEE retirado.

Isto permítelle ao cliente facer un seguimento e **consultar a trazabilidade do produto entregado** escaneando o código QR do xustificante ou **introducindo o código do xustificante** no seguinte enderezo web: <http://piga.teimas.com/consulta>

GUÍA CIDADÁ PARA A CORRECTA RECICLAXE DOS RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE)




QUE TIPOS DE RAEE EXISTEN?

QUE SON OS RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS?

Os **RAEE** son residuos que se producen cando o propietario dun aparello eléctrico ou electrónico o desbota ou ten a intención ou obriga de desbotalo. Inclúense tamén os compoñentes, subconxuntos e consumibles que forman parte do produto no momento en que se desbota.

Os **aparells eléctricos e electrónicos (AEE)** son aqueles que para funcionar necesitan corrente eléctrica ou campos electromagnéticos, e aqueles necesarios para xerar, transmitir e medir tales correntes e campos que están destinados a ser utilizados cunha tensión nominal non superior aos 1000 voltios en corrente alterna e 1500 voltios en corrente continua.

Os **AEE** identifícanse co símbolo , que indica que deben ser obxecto dunha recollida separada.



1. Aparells de intercambio de temperatura.



2. Monitores, pantallas e aparellos con pantallas cunha superficie superior aos 100 cm².



3. Lámpadas.



4. Grandes aparellos.
(Cunha dimensión exterior superior aos 50 cm)



5. Pequenos aparellos.
(sen ningunha dimensión exterior superior aos 50 cm)



6. Equipos de informática e telecomunicacións pequenos.
(sen ningunha dimensión exterior superior aos 50 cm)



7. Paneis fotovoltaicos grandes.
(cunha dimensión superior aos 50 cm) (profesional)

QUE FAGO COS MEUS RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS?

Unha das preguntas máis habituais da cidadanía é onde se poden depositar os residuos dos aparellos eléctricos e electrónicos unha vez que estes chegan ao final da súa vida útil.

Existen varias opcións e todas son de balde:

1. Os puntos de venda dos distribuidores ou as tendas.
2. As instalacións de recollida das entidades locais.
3. As redes de recollida de RAEE domésticos.
4. Os xestores autorizados para a recollida de RAEE.
5. Entidades sociais sen ánimo de lucro.

Coñece todas as tendas asociadas a ADEN
<https://www.asociacionaden.com/tiendas/>

COMO SE XESTIONAN OS RAEE?

O primeiro paso é **trasladar os RAEE ata plantas especializadas** de xestores autorizados.

Unha vez que os residuos chegan á planta autorizada, **retíranse todos os elementos contaminantes** e aqueles aproveitables procésanse para obter materias primas coas que fabricar novos produtos.

Estes materiais recuperados volven poñerse no mercado como base para novos aparellos eléctricos ou electrónicos, de tal xeito que se evita o emprego de materias primas procedentes da natureza, en consonancia co concepto de **economía circular**.

